

Poesía copuladora

Enviado o 22 Febreiro 2013



Pouco e pouco, a traxectoria poética de [Verónica Martínez Delgado](#) vai consolidando e son xa varios os títulos seus no mercado, textos que se complementan con algunhas incursións na prosa de ficción e no ensaio, ao que aínda cómpre sumar a súa presenza en bo número de volumes colectivos e os diversos galardóns dos que foi merecedora nos seus máis de tres lustros de camiño.

A máis recente proposta da autora de Valdoviño é [Lusocuria](#), poemario publicado por [O Figurante Edicións](#) co que a escritora ensaia o verso na lingua irmá do sur.

A setentena longa de poemas que compoñen o libro xiran arredor dun único tema que se reitera con variacións composición a composición: o amor copulador, o eros explicitamente sexual, mesmo coital, que irradia a súa poderosa forza transformadora páxina tras páxina.


A obsesión, ese cismar constante no devezo que produce a espera do amante, é a teima revalidada unha e outra vez aquí, nun despregue no que a concentración do campo semántico único, os motivos converxentes e a temática monocorde se adobían con solucións léxicas deliberadamente vulgares (moito 'foder', moito 'orgasmo' por toda parte) para, pretensamente, provocar un efecto transgresor.

Hai en *Lusocuria* imaxes e recursos con certeza logrados, mais tamén comparecen outros versos opinables, onde a intensión lírica se dilúe e a sensación de desfreado é evidente; poño por caso no poema:

*De repente
regresa,
de volta
à casa,
sem tempo
de tirar
nem as calças,
nem as botas.*

Ou nestoutro texto:

*De repente
regressa
e tode-me
mentres preparo
o jantar.*



Alberto Zambrano

Poida que este *Lusocuria* non consiga superar achegas poéticas anteriores de Verónica Martínez Delgado, pero do que non hai que dubidar é de que se trata dunha poesía intensa, decidida e vital, todo un convite luxurioso

para degustadores de libido literaria.